

O Concello dedicará un congreso en primavera ao histórico galeguista enterrado en Cuba

# Ferrol reivindica o legado de Fontenla Leal, impulsor do Himno e da Academia

Xosé Ramón Barreiro recollerá en maio, na súa memoria, o Premio Manuel Lorenzo

Ramón Loureiro

FERROI

«Este vai ser, por fin, o ano de Fontenla Leal», di o concelleiro de Cultura de Ferrol, José Manuel Couce Fraguera. E repíteo, unha vez máis, ao tempo que anuncia que vén de encomendar á Fundación Carlos Casares a organización na cidade dun congreso sobre a figura do galeguista que impulsou o nacemento do Himno e da Real Academia Galega.

Afirma o concelleiro ferrolán que «sen Fontenla, sen a súa entrega xenerosa e desinteresada, sen a súa devoción por Galicia, hoxe non teríamos nin Academia nin Himno». E asume o compromiso de que o Concello, coincidindo precisamente co centenario do nacemento da institución que hoxe



Acto celebrado en Ferrol, en 1999, ante o monumento a Fontenla

preside Xosé Ramón Barreiro Fernández, dará «un impulso decisivo á difusión e ao estudo da súa figura, ao coñecemento da súa vida e da súa obra». Con ese obxectivo, resalta que a súa intención é que o de Ferrol sexa «un encontro que reúna a todos cantos teñan algo que dicir sobre Fontenla, e poñendo en marcha, ao mesmo tempo, actividades de carácter divulgativo dirixidas a todos os sectores da poboación, pero de maneira

preferente aos nenos».

O Real Coro Toxos e Froles acordou o pasado mércores conceder a Fontenla, a título póstumo, o Premio Manuel Lorenzo Barja, unha distinción que leva o nome do gaitero fundador do decano dos coros tradicionais galegos, e que en anteriores edicións recibiron figuras como o Padre Calo, toda unha institución na musicoloxía galega, ou recuperadores da tradición musical como —e

neste caso tamén a título póstumo— Faustino Santalices.

## Cerimonia de entrega

A cerimonia de entrega do galardón terá lugar no auditorio do Centro Torrente Ballester de Ferrol —na capela do antigo Hospital de Caridade, un nobre edificio do XVIII— o día 26 de maio, data na que o Toxos, case centenario tamén, celebra o seu aniversario. Será o presidente da Real Academia Galega quen recolla o premio, «ao carecer Fontenla —apunta o presidente do coro, Pedro Sanz— de descendentes directos».

O propio Xosé Ramón Barreiro salientaba o venres que a Fontenla Leal (Ferrol, 1865-La Habana, 1919), «a Academia débelle moito». E engadía que o galeguista ferrolán foi un verdadeiro exemplo de que «incluso partindo practicamente da nada, se poden facer grandes cousas se un ten, sobre todo, amor ao país». «Sen Fontenla —concluía o profesor Barreiro— seguramente tamén existía a Academia Galega... Pero sería outra cousa distinta».


## PERFIL



Xosé Fontenla Leal, nunha imaxe tomada en Cuba

O home que nunca terá un Día das Letras

■ Pedro Blanco Llano, xerente da Fundación Carlos Casares e estudioso da figura de Fontenla, afirma que se algo é innegable, a estas alturas, é que Fontenla Leal, a pesar da importancia do seu labor, segue a ser, para boa parte dos galegos, «un descoñecido». E ao mesmo tempo que denuncia esta circunstancia, subliña que o feito de que ao galeguista ferrolán, «por carecer de obra escrita en lingua galega non se lle poida dedicar un Día das Letras Galegas», non pode «levar ao país a esquecer unha figura fundamental da súa historia e da súa cultura».



## A mellor literatura universal en galego

La Voz de Galicia preséntache a Biblioteca Galega de Clásicos Universais. Unha colección para toda a familia que reúne a mellor literatura do mundo cunha coidadosa tradución ao galego desde a súa lingua orixinaria. Shakespeare, Cervantes, Dostoevski ou Yourcenar son algúns do elenco de autores desta magnífica colección que recolle máis de mil anos de literatura universal.


Unha colosal obra a un prezo moi económico, 1€ cada libro.

BIBLIOTECA GALEGA  
Clásicos Universais



MAÑÁ

Antoine de Saint-Exupéry  
O Principiño



Subscritores con pago domiciliado  
reserva a túa colección por só 29€  
chamando ao 902 154 218

Os martes e xoves con

La Voz de Galicia